



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO
PARA A CONSTRUCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO CENTRO DO CAMPUS
DA AUGA NO CAMPUS DE OURENSE.**

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2014

COMPARECEN

D. Jesús Vázquez Abad, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, nomeado mediante o Decreto 299/2012, do 2 de decembro, de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm.82).

D. Salustiano Mato de la Iglesia, reitor magnífico da Universidade de Vigo (en adiante UVIGO), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a UVIGO é unha entidade de dereito público que, xunto coa misión docente, desenvolve actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico o que a configura coma un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.

Que a UVIGO está a desenvolver un Proxecto de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) destinado á transferencia da tecnoloxía ao mundo empresarial no Campus de Ourense a partir do recurso que supón a auga. Para isto conta con infraestruturas, equipamento material e humano. Nun momento como o actual, con fortes axustes económicos, é necesario apostar por iniciativas que permitan acadar

proxectos singulares, de cara a mellorar a capacidade de competencia a nivel nacional e internacional.

SEGUNDO.- Que a Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanzas universitarias correspondentes a esta consellería en relación coas atribuídas polo artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia. A Secretaria Xeral de Universidades, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, de estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, debe velar pola promoción e xestión eficiente e integrada dos recursos e capacidades de investigación do Sistema universitario de Galicia (en diante SUG) para a súa vertebración e posta en valor no marco do sistema de innovación. A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia responsabiliza á Xunta de Galicia do exercicio das competencias de ordenación e coordinación das universidades integrantes do SUG, e dedica o título VI, «Da actividade universitaria: a docencia, a investigación e a transferencia de coñecemento», a regular a súa planificación, fomento e calidade destas misións.

TERCEIRO.- Que Europa 2020 é a estratexia da Unión Europea para fazer fronte á crise e converter á UE nunha “economía intelixente, sustentable e integradora que goce de altos niveis de emprego, de produtividade e de cohesión social”. Nesta estratexia a comisión considera que o apoio á investigación e á innovación terá que desenvolverse ao redor de tres grandes obxectivos: a excelencia científica, as industrias competitivas e unha mellor sociedade.

Que o Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) recolle o Eixe estratéxico 9: proxectos singulares, liña de actuación que se concreta no Programa xeral 10, e supón a apostase e o compromiso do Plan I2C coa vontade de establecer iniciativas de alto impacto en sectores especialmente estratéxicos e onde Galicia posúe contrastada potencialidade.

Que a evolución da actividade investigadora nos próximos anos estará vinculada de maneira crecente á agrupación de recursos e capacidades ao redor de proxectos singulares de gran dimensión, nos que se persegue o logro de obxectivos de investigación ambiciosos baseados na explotación das fortalezas dos sistemas rexionais e nacionais de innovación de maneira coordinada.



CUARTO.- Que o Plan impulsa Ourense, promovido polo Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), define os eixes estratéxicos, obxectivos, liñas de actuación e actuacións concretas para o impulso económico da provincia de Ourense (2011-2018).

O programa de actuación recolle, a proposta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no Eixe 2: capitalización humana, a adecuación da oferta formativa ás necesidades dos sectores estratéxicos da provincia, como base fundamental para poder impulsar estes sectores no contexto ourensán.

Que as accións que se van a desenvolver no Campus da Auga se integran nos obxectivos do Plan impulsa Ourense como a fórmula para acadar a formación do capital humano preciso para dar resposta a necesidades de novos perfís profesionais.

QUINTO.- Que no ano 2012 o Consello da Xunta aprobou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a UVIGO para elaborar o plan estratéxico do Campus da Auga (Ourense) e o programa de necesidades funcionais e usos da futura sede.

O plan estratéxico ten como misión vertebrar a estratexia de implantación do Campus da Auga no Campus de Ourense co fin de consolidalo como un centro de referencia e excelencia e dotar de personalidade científica ao Campus de Ourense.

A importancia do Campus da Auga radica na oportunidade para establecer no Campus de Ourense un campus líder en temáticas da auga, aproveitando o potencial termal de Ourense e de que se trata da primeira iniciativa de especialización dun campus non central do SUG.

SEXTO.- Que o 21 de novembro do ano 2013 o Consello de Goberno da Xunta de Galicia aprobou o proceso de creación do Campus da Auga da Universidade de Vigo, en Ourense coa finalidade de:

- Potenciar a singularidade e a especialización do Campus de Ourense, na procura dun mapa universitario galego diversificado, nas súas correspondentes fortalezas
- Mellorar a calidade das universidades galegas, co obxectivo de situalas entre as mellores do panorama europeo e internacional, globalmente ou nun aspecto determinado
- Aumentar a calidade investigadora e o recoñecemento da investigación, mediante unha mellora das infraestruturas de investigación que incidan no desenvolvemento docente e científico



A gobernanza das áreas de especialización realizaranse a través da creación dos Clústers de I+D+i:

- Un Clúster para as áreas de especialización de alimentación, ambiente e TIC.
- Un Clúster para as áreas de especialización de xestión do recurso auga, innovación social e educativa, turismo e patrimonio cultural.

O período de implantación proposto pola UVIGO do proxecto Campus Auga vai dende o seu inicio no ano 2014 ata o 2018, con accións que abranguen dende a adaptación das infraestruturas de xestión docentes e da construcción de novas infraestruturas científicas.

Polo anteriormente exposto, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a UVIGO coinciden en salientar a necesidade de fomentar accións que incentiven a especialización das universidades galegas.

Por conseguinte, as partes abaixo asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo, para executar accións destinadas á construcción do centro do Campus da Auga no Campus universitario de Ourense.

Este edificio nace coa vocación de ser o novo centro de referencia en materia de investigación relacionada coa auga. En consecuencia debe ofrecer no seu deseño solucións que permitan no futuro a ampliación e a súa adaptación, e debe de actuar como xerme da futura transformación que sufrirá o campus para acomodarse ás necesidades reais da comunidade científica galega.

A construcción do edificio será destinado primordialmente a usos de investigación, se ben albergará tamén a sede institucional do Campus da Auga. O centro acollerá os labores de investigación dos diferentes clústers que integran o proxecto Campus da Auga.


A creación desta infraestrutura científica responde ás necesidades de fortalecemento das capacidades de investigación en sectores estratégicos do sistema galego de I+D e constitúe unha infraestrutura imprescindible para o desenvolvemento de proxectos de investigación singulares vinculados ao primeiro campus especializado en temáticas da auga.




A construción contará cunha superficie total aproximada de 3.570 metros cadrados.

Aparcadoiro	1.000,00
Sede corporativa	670,00
Laboratorios especiais	1.500,00
Centro de supercomputación	400,00
TOTAL M2	3.570,00

O orzamento do edificio desagregado por capítulos ascenderá:

CONCEPTO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
Escavación e mov. de terras.	Custo execución traballos correspondentes ao movemento de terras e excavación.	45.584,35 €
Estrutura	Custo execución cimentación e estruturas de formigón armado e cimentación.	1.794.365,94€
Cuberta	Custo traballos execución da cuberta e impermeabilización.	145.041,13€
Cerramentos	Custo de execución cerramentos exteriores e vidriería.	828.806,44€
Divisións interiores	Custo execución cerramento e división interiores.	439.267,41€
Instalacións eléctricas	Custo execución instalacións eléctricas.	124.320,97€
Instalacións de saneamento	Custo execución instalacións de saneamento e evacuación de pluviais.	24.864,19€
Instalacións climat. con xeotérmica.		505.571,93€
Infraestruturas de equipamento	Custo de execución do resto de infraestruturas de equipamento complementarias.	236.209,84€
		TOTAL 4.144.032,20€



O custe das actuacións elévase a **4.608.971,80€** (catro millóns seiscentos oito mil novecentos setenta e un euros con oitenta céntimos), nos seguintes conceptos:

CONCEPTO	IMPORTE
Elaboración de criterios de sustentabilidade do edificio	2.000,00€
Redacción proxecto e dirección da obra	266.000,00€
Dirección de execución	65.000,00€
Coordinación SS	22.000,00€
Licenza de obra	35.111,60€
ICIO	74.828,00€
Mobiliario oficina	0,00€
Mobiliario laboratorio	0,00€
Equipos de investigación	0,00€
Equipamento informático	0,00€
Construcción edificio	4.144.032,20€
TOTAL IVE INCLUIDO	4.608.971,80€
TOTAL	4.608.971,80€



SEGUNDA.- FINANCIAMENTO

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria achegará ao devandito programa a cantidad de 4.499.032,20 (catro millóns catrocentos noventa e nove mil trinta e dous euros con vinte céntimos), con cargo á aplicación orzamentaria 09.40.561B.744.3 (código de proxecto 2014 00762) dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia.

A distribución destes recursos será a seguinte:

	TOTAL
2014	<u>2.000,00€</u>
2015	<u>201.111,60€</u>
2016	<u>2.129.844,10€</u>
2017	<u>2.166.076,50€</u>
TOTAL	<u>4.499.032,20€</u>

Esta cantidad de 4.499.032,20€ trátase dun importe certo e corresponde ao financiamento do custo da elaboración de criterios de sustentabilidade do edificio, redacción do proxecto, execución do edificio e dirección e coordinación da obra; queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, e debe ser reintegrado o financiamento público únicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A execución das actuacións realizarase de acordo coa normativa aplicable. Calquera cambio producido na relación de investimentos establecidos non poderá implicar modificación orzamentaria e será examinado pola comisión mixta que elevará unha proposta para súa aprobación pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade co establecido no artigo 11.a) do Decreto 11/2009, do 8 de

xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a obriga de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa seguridade social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

A esta axuda non lle resulta de aplicación o Marco sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (DOUE C/198/1, do 27 de xuño de 2014) por tratarse dunha axuda dirixida á construcción dunha infraestrutura para un organismo de investigación de natureza pública e sen ánimo de lucro. Non obstante, se da investigación realizada neste centro se derivan actividades de carácter económico o organismo de investigación beneficiario da axuda deberá reintegrar a subvención recibida na medida da actividade xerada.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DAS PARTES

Para contribuír aos obxectivos expostos na cláusula primeira, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprométese a financiar as accións recollidas na cláusula primeira, logo da acreditación do gasto de acordo coa normativa aplicable.

A UVIGO comprométense a :

- achegar o custe da licenza de obra e do ICIO por un valor de 109.939,60 euros e achegará os terreos para a súa construcción .
- levar a cabo as actuacións de contratación, dirección control e recepción das obras que se reflicten no cadre resumo do Plan de actuación.
- desenvolver e implantar o Plan estratéxico do Campus da Auga e de manter as estruturas científico-tecnolóxica de investigación resultantes, consolidando os servizos asociados para o seu uso pola comunidade científica no ámbito da UVIGO e polo conxunto do sistema universitario galego.

Polo que se refire a contratación das actuacións formará parte da mesa de contratación, en representación da Xunta de Galicia, unha persoa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A UVIGO deberá presentar unha declaración responsable, para proceder á sinatura do convenio e despois para o seu pagamento, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma.

CUARTA.- PAGAMENTOS E XUSTIFICACIÓN

De acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e do artigo 62 do seu regulamento poderanse realizar pagamentos á conta, o que supón a realización de pagamentos fraccionados de acordo co ritmo de execución das accións subvencionadas que non poderán ser superiores ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria efectuará o libramento dos fondos por importe total de 2.000,00€ na anualidade de 2014, 201.111,60€ na anualidade de 2015, 2.129.844,10€ no 2016 e 2.166.076,5€ no 2017 contra a presentación da seguinte documentación:

-Facturas expedidas polas empresas adxudicatarias dos traballos relacionados co obxecto deste convenio e achegarase xunto coas devanditas facturas o comprobante do pagamento efectuado e certificacións de obra ou calquera outro documento con validez xurídica que permita a acreditación do cumprimento da finalidade da subvención.

Na última xustificación remitirase certificación de obra acompañada da liquidación.

O beneficiario deberá achegar na primeira xustificación toda a documentación correspondente ao proceso de adxudicación, segundo o establecido no Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público; así mesmo débese ter en conta o establecido no artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013) e no caso de ter que solicitar as tres ofertas tamén as deberán achegar xunto coa xustificación.

A data límite de presentación da referida documentación de xustificación do gasto establecécese no día 20 de decembro de cada anualidade.

Deberá presentarse unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas.

Así mesmo, deberase presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

QUINTA.- COMPENSACIÓN IVE

No caso de que a UVIGO deduza o IVE pola compensación de cotas do IVE soportado, a entidade deberá proceder á devolución das cantidades que como consecuencia do IVE soportado se xeren ao seu favor.



SEXTA.- NATUREZA XURÍDICA

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público tanto pola recoñecida capacidade científica e tecnolóxica da UVIGO como polo interese da comunidade autónoma de fomentar a investigación nos sectores máis estratéxicos para Galicia e non será necesario promover a concorrencia competitiva tendo en conta que a UVIGO é a primeira e única no SUG que está a desenvolver a especialización dun campus periférico e que ten aprobado polo Consello do Goberno da Xunta o proceso de creación e o desenvolvemento do Plan estratéxico.

A UVIGO, por ter a consideración de sector público de acordo co artigo 3.1 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, está sometida en canto á contratación de obras e subministracións ao establecido no Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aprobou o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

SÉTIMA.- SEGUIMENTO

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, que se reunirá a petición dunha das partes, constituída do seguinte xeito:

Pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:


- O secretario xeral de Universidades, ou persoa en quen delegue.
- A subdirectora xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica ou persoa en quen delegue.

Pola Universidade de Vigo:

- O vicerreitor de Economía e Planificación ou persoa en quen delegue.

A vicerreitora de Investigación e Transferencia ou persoa en quen delegue.

A dita comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, e promoverá, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.





Non obstante, todas aquellas cuestiós que se susciten en relación co outorgamento, cumplimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida, serán resoltas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

OITAVA.- PUBLICIDADE

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, a UVIGO consente expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas. As reservas que puideran facer os peticionarios no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

As partes asinantes comprométense a observar estritamente a normativa aplicable en materia de publicidade dos fondos estruturais que cofinancian as actuacións.


As subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no ejercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.

NOVENA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Serán causas de resolución do presente convenio de colaboración o incumplimento de calquera das cláusulas deste ou o mutuo acordo entre as partes.

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdicción contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 8.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante o establecido no apartado anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalguna ou por denuncia deste por incumplimento dalguna delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. En calquera destes casos procederase á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades



percibidas e a esixencia de xuros de mora no caso previsto no artigo 32 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa resolución e, así mesmo, procederá ao reintegro da subvención polo incumprimento por parte da beneficiaria das obrigas derivadas del, de conformidade co disposto no artigo 33 da Lei de subvenciones de Galicia.

En todo caso, serán de aplicación os principios do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público para resolver as dúvidas que poidan suscitarse.

DÉCIMA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro do 2017.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubrícano por quintuplicado, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

Pola Consellería de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria

D. Jesús Vázquez Abad

Pola Universidade de Vigo

D. Salustiano Mato de la Iglesia

